

Esta dramática situación ten responsábeis ben coñecidos. Basta sinalar, a modo de exemplo, que se existen guerras en África que rematan xerando centos de miles de migrantes é porque detrás de cada unha delas hai un recurso de interese para as grandes empresas e gobernos occidentais. Por exemplo, o coltán no Congo, o uranio do Sahel, o petróleo de Libia, Sudán e Nixeria, os fosfatos do Sáhara ...

Esta é a verdadeira Tiranía que asola o planeta, esquilma os seus recursos, envelena o ambiente e explota a centos de traballador@s. Pero sobre todo, é a Tiranía que dispón como axentes locais ao seu servizo aos ditadores de turno, pero tamén a todos e cada un dos aparatos gobernamentais en calquera país, representados polos Donald Trump, os Macrón, os Salvini, os Netanyahu e, como non, tamén polos Sánchez. Todos e cada un deles fan o que lles ten mandado facer, pois o seu poder non provén de quen confiadamente lles elixiu senón da súa submisión aos seus verdadeiros amos.

RESULTADO: Centos de millóns de persoas en todo o planeta vense obrigadas a vivir e morrer en condicións inhumanas e, millóns delas, a abandonar cada ano o seu propio país, devastado polo interese de outros máis poderosos.